

NOCTURNA 2019 (San Cibrao - Burela)

Sábado 20 de Xullo de 2019

Festas en toda Galiza. Temos arredor dos 15 anos e tamén fumos coller o bus, pero en vez de para ir a famosa verbena de San Martiño, decidímonos pola alternativa que ofrecían os nosos amigos de Pasada das Cabras, unha actividade saudable, de convivencia e de aprendizaxe.

Ás 10 da noite saímos da estación de autobuses de Burela cara a San Ciprián onde comezaba a ruta nocturna que nos traería de volta. Son uns 9 km moi doados de camiñar.

A noite estaba perfecta para a camiñata e os aproximadamente 75 camiñantes comezamos a andaina a ritmo cómodo pero lixeiro. Nesta ocasión acompañábanos bastante xente de fóra da Asociación e moitos xóvenes, a todos eles os invitamos a repetir.

Polo polígono industrial, para nós a parte menos atractiva do percorrido, atopamos varias vacalouras voando. Non sabemos si facían de vixiantes ou tamén saíran de festa.

Gozamos do camiño, do cheiro da natureza e das estrelas que iluminaban o ceo. Non se fixo noite pecha ata chegar a Rueta. Entón intentamos localizar a Estrela Polar xa que a noite estaba o bastante clara como para ver as estrelas, pero a verdade é que entre seguir o paso, mirar cara ao ceo e o medo a tropezarnos non a dimos atopado, Propoñemos outra ruta para observar as estrelas!

Chegamos ás 12:30 da noite ao Con Xeito, situado na explanada do porto de Burela, onde compensamos o esforzo cun delicioso chocolate con churros e biscoito. Recomendamos esta experiencia xa que é unha forma amena e divertida de realizar exercicio físico e gozar de moi boa compañía.

Kai Quelle e Laura Varela